

INSTRUCCIÓN DA XERENCIA SOBRE A TRAMITACIÓN DE SUBVENCÍONS E AXUDAS QUE PUIDEREN CONCEDERSE NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA.

Estas normas son aplicables, en defecto de lexislación específica, ás subvencións e axudas públicas que puideren concederse nesta universidade.

Lexislación aplicable:

Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (de agora en diante Lei xeral de subvencións).

Estatutos da Universidade da Coruña

Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (artigos 78 e 79)

Decreto 287/2000, de 21 de novembro, por que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Lei xeral de presupostos

Lei 62/2003 de medidas fiscais, administrativas e da orde social, publicada no BOE de 31 de decembro de 2003.

Bases de execución dos orzamentos da Universidade da Coruña

1.- Concepto de subvención

Enténdese por subvención toda disposición de diñeiro realizada a favor de persoas públicas ou privadas e que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios.
- b) Que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, á execución dun proxecto, á realización dunha actividade, á adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, ou á concorrencia dunha situación, debendo a persoa beneficiaria cumprir as obrigas materiais e formais que fosen establecidas.
- c) Que o proxecto, a acción, a conduta ou a situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

2.- Financiamento

As subvencións e axudas convocadas serán soamente aquelas que estiveren contidas no Capítulo IV e se for o caso do Capítulo VII do orzamento de gasto desta universidade.

3.- Órganos Competentes

A publicación das convocatorias de subvencións e axudas estará asinadas pola persoa responsable do crédito.

Crearase unha comisión para conceder as subvencións e axudas. A proposta de concesión que se formulará á persoa responsable do crédito deberá estar motivada.

4.- Condición de Beneficiario/a.

Terá a consideración de beneficiario/a de subvencións a persoa que realice a actividade que fundamentou o seu outorgamento ou que se atope na situación que lexítima a súa concesión.

5.- Obrigas do Beneficiario/a.

Son obrigas da persoa beneficiaria:

a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.

b) Xustificar perante a Universidade da Coruña, se for o caso, que cumpre os requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou aproveitamento da subvención.

c) Someterse ás actuacións de comprobación, efectuadas pola Universidade da Coruña, se for o caso, así como calquera outra de comprobación e control financeiro que puideren realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando canta información lle for requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicar á Universidade da Coruña a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos recollidos no apartado 8 desta normativa.

6.- Principios Xerais

1.- O procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva e só poderán concederse de forma directa aquelas subvencións que cumpriren o establecido no artigo 22.2 da Lei xeral de subvencións

2.- A xestión das subvencións realizarase de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola administración outorgante.
- c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

3.- Non será necesaria publicidade cando as axudas ou subvencións tiveren asignación nominativa no Orzamento da Universidade da Coruña.

4.- Cando na xestión e distribución dos fondos participaren ou se participar como entidade colaboradora, esixirase, en todo caso, a formalización dun convenio de colaboración entre esta entidade colaboradora e o órgano concedente, en que se regularán as condicións e obrigas asumidas por aquela. En todo caso o contido mínimo do dito convenio e o procedemento de concesión e xestión deberá adaptarse á Lei xeral de subvencións.

7.- Bases reguladoras da concesión das subvencións:

A norma reguladora das bases de concesión das subvencións concretará, como mínimo, os seguintes extremos:

a) Definición do obxecto da subvención.

b) Requisitos que deberán reunir as persoas beneficiarias para a concesión da subvención, que en todo caso deberán ser membros da comunidade universitaria da Universidade da Coruña, e forma e prazo en que deben presentarse as solicitudes.

d) Procedemento de concesión da subvención.

e) Criterios obxectivos de outorgamento da subvención e, se for caso, ponderación destes.

f) Contía individualizada da subvención ou criterios para a súa determinación.

g) Órganos competentes para a ordenación, instrución e resolución do procedemento de concesión da subvención e o prazo en que será notificada a resolución.

h) Prazo e forma de xustificación por parte da persoa beneficiaria, do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención e da aplicación dos fondos percibidos.

i) Medidas de garantía que, se for o caso, se considere preciso constituír a favor do concedente, medios de constitución e procedemento de cancelación.

j) Posibilidade de efectuar pagos anticipados e aboamentos a conta, así como o réxime de garantías que, se for o caso, deberán achegar as persoas beneficiarias.

k) Circunstancias que, como consecuencia da alteración das condicións que se tiveron en conta para a concesión da subvención, puideren dar lugar á modificación da resolución.

l) Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

m) Criterios de graduación dos posibles incumprimentos de condicións impostas con motivo da concesión das subvencións. Estes criterios serán de aplicación para determinar a cantidade que finalmente perciba o beneficiario ou, se for o caso, o importe a reintegrar, e deberán responder ao principio de proporcionalidade.

8.- Causas de reintegro:

1. Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e á esixencia do xuro de mora que corresponda desde o momento do pago da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:

a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas ou ocultando as condicións que o impedisen.

b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamenten a concesión da subvención.

c) Incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e se for o caso, as normas reguladoras da subvención.

d) Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

2. Igualmente, no suposto recollido no apartado 3 do artigo 19 da Lei de subvencións, procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a esixencia do xuro de mora que corresponder.

9.- Natureza dos créditos a reintegrar e dos procedementos para a súa esixencia.

1. As cantidades a reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público, resultando de aplicación para o seu cobramento o previsto na Lei xeral presupostaria.

2. O xuro de mora aplicable en materia de subvencións será o xuro legal do diñeiro incrementado nun 25 por cento, salvo que a Lei de presupostos xerais do Estado estableza outro diferente.

3. Os procedementos para a esixencia do reintegro das subvencións, terán sempre carácter administrativo

10.- Procedemento de aprobación do gasto e do pago

1. Con anterioridade á convocatoria da subvención ou á concesión directa desta, deberá aprobarse o gasto nos termos previstos no apartado 11 desta normativa.

2. A resolución de concesión da subvención implicará o compromiso do gasto correspondente.

3. O pago da subvención realizarse tras a xustificación, pola persoa beneficiaria, da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención.

Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no apartado 8 desta normativa.

4. Cando a natureza da subvención así o xustificar, poderán realizarse pagamentos a conta. Os mencionados aboamentos a conta poderán supoñer a realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada.

Tamén poderán realizarse pagos anticipados que suporán entregas de fondos anteriores á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Esta posibilidade e o réxime de garantías deberán preverse expresamente na normativa reguladora da subvención.

A realización de pagos a conta ou pagos anticipados, así como o réxime de garantías, deberán preverse expresamente na normativa reguladora da subvención.

11.- Da operatoria contable a seguir na tramitación de subvencións en réxime de concorrencia competitiva

1. Estas subvencións iníciense de acordo co establecido no artigo 23 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións. Nelas haberá unha convocatoria en que se fixará un prazo para a presentación de solicitudes e un procedemento para seleccionar ás persoas beneficiarias.

Para estes efectos, a autoridade que corresponda establecerá, antes da disposición dos créditos, as oportunas bases reguladoras para a súa concesión.

2. O servizo xestor expedirá un documento "A" e, se for caso, un documento "A" de exercicios posteriores, que será remitido ao Servizo de Intervención para a súa fiscalización, xunto cunha copia da convocatoria que se pretende publicar. Unha vez aprobado e fiscalizado o expediente de gasto, publicarase a convocatoria. Cando se aprobar a concesión das subvencións, o servizo xestor expedirá un documento "D" e, se for o caso, un documento "D" para exercicios posteriores, que será remitido ao Servizo de Intervención para a súa fiscalización, achegándose con este documento a certificación da concesión, así como a aceptación por parte da persoa adxudicataria/as da bolsa ou axuda.

3. Cando se cumpriren as condicións estipuladas no acordo de concesión, ou no momento establecido nas normas de cada subvención, o servizo xestor formulará un documento "O" que se remitirá ao servizo de intervención, xunto co acordo de recoñecemento da obriga.

A Coruña, 20 de maio de 2004
O XERENTE
Asdo Rafael Couto Lestao

ESQUEMA TRAMITACIÓN

